



## Concello de Castroverde

# BANDO

### PARTICULARES, EMPRESAS E ENTIDADES PODERÁN FACER DOAZÓNS PARA CONTRIBUÍR A REPARAR OS DANOS SUFRIDOS E AXUDAR AOS DAMNIFICADOS AFECTADOS POLA DANA

**DON XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE  
PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO);**

**INFORMA:**

**Dende a Federación Española de Municipios e Provincias comunicánnos** que dados os problemas de loxística e almacenamento que están a ter en Valencia **é máis recomendable agora mesmo enviar as axudas a través de donacións económicas ás organizacións que traballan nas zonas afectadas.** Por este motivo a Generalitat Valenciana creou unha conta solidaria destinada a apoiar aos afectados pola DANA que azoutou a Comunidade Valenciana.

A través desta iniciativa, cidadáns, entidades e empresas poderán realizar doazóns que serán destinadas integramente a asistir ás persoas afectadas e contribuír a reparar os danos sufridos. A iniciativa solidaria está xa operativa grazas á Conselleria de Facenda, Economía e Administración Pública en colaboración co Banco Sabadell.

**Os interesados poden realizar as súas doazóns na seguinte conta finalista: ES94 0081 0693 61 0002423445.**

Por cada euro doado, o Banco Sabadell comprometeuse a achegar un euro adicional, cunha achega mínima por parte da entidade de 500.000 euros. A Generalitat valora a implicación e solidariedade de todas as entidades, empresas e particulares que mostraron a súa disposición para contribuír a minimizar o impacto da DANA.

O Alcalde,  
Asdo.: Xosé María Arias Fernández

**Concello de Castroverde**

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011

